



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 09/01/2023

**PRESIDENTE:** D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

**SECRETARIO DA MESA:** D. Manuel A. Trabado Trabado, Xefe da Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento.

**VOGAIS:** D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución da Secretaría da Corporación.

D. Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto, en substitución da Interventora da Corporación.

D<sup>a</sup>. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección de Contratación Xeral do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación.

Sendo as dez horas e dezanove minutos do día 09/01/2023, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constituíse a Mesa de Contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos figurados na convocatoria efectuada con data 04/01/2023.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

**1.- POL-CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL", P.K. 106+500 A 107+887 (EXPTE GTM: 2022/CON\_02/000069)**

- a) *Apertura de documentación administrativa requirida a empresa proposta como adjudicataria, ao abeiro do artigo 150 da LCSP.*

Por resolución da Presidencia de data 14/12/2022, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 15/12/2022 rematando o prazo de presentación o día 29/12/2022. A mercantil ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL presentou a documentación requirida o 29/12/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 09/01/2023 ós efectos do estudo e valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL non presenta correctamente a documentación requirida, observándose as seguintes deficiencias:

- En relación co Imposto de Actividades Económicas (IAE), presenta documento no que figura unha identificación do suxeito pasivo distinta da denominación da mercantil que presenta oferta, e non se xustifica a alta no ámbito territorial en que radican as obras obxecto da contratación, de acordo co indicado na cláusula 17.2.a do PCAP.
- O Aval /Garantía achegada non esta asinada ou a sinatura non é válida.
- En relación coa póliza de seguro todo risco construción soamente achega o compromiso de contratar e pagar, se ben non achega o borrador da póliza, de acordo co establecido no apartado 8 da cláusula 17 do PCAP.

	IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2023 09:02:00
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ		
<b>Firmado por</b>	MANUEL ROEL HERNÁNDEZ SERRANO (Interventor Adxunto)		
<b>Firmado por</b>	PABLO SEOANE CANCELO		
<b>Firmado por</b>	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
<b>Firmado por</b>	MANUEL TRABADO TRABADO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY</a>	<b>Página</b>	1/2





A mesa de contratación, vista a documentación, considera incompleta a documentación remitida, polo que tendo en conta o establecido na indicada cláusula 17 do PCAP que indica "...Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda...", **acordou conceder un prazo de tres días hábiles** á mercantil ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL para que achegue a documentación que se indica e que figura na indicada cláusula 17 do PCAP:

**1. Obrigas tributarias e seguridade social:**

En relación coa deficiencia indicada, "... documento no que figura unha identificación do suxeito pasivo distinta da denominación da mercantil que presenta oferta, e non se xustifica a alta no ámbito territorial en que radican as obras obxecto da contratación", de acordo co indicado na cláusula 17.2.a do PCAP "**Imposto sobre Actividades Económicas:** Alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades sometidas a este imposto, en relación coas actividades que se veñan realizando á data de presentación das proposicións que os faculte para o seu exercicio no **ámbito territorial** en que as exercen. A alta poderá ser acreditada mediante o último recibo ou coa xustificación de alta. A presentación de un dos extremos bastará para acreditar o cumprimento do requisito. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento", e tendo en conta a deficiencia indicada, **deberá acreditar axeitadamente o devandito apartado do PCAP relativo ao Imposto sobre Actividades Económicas.**

**3. Garantías**

En relación coa deficiencia detectada, "O Aval /Garantía achegada non esta asinada ou a sinatura non é válida", de acordo co apartado 3 da cláusula 17 do PCAP "Resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do importe de adjudicación (excluído o IVE), e garantía complementaria, no seu caso, constituído de conformidade co disposto neste PCAP", e tendo en conta a deficiencia indicada, deberá acreditar axeitadamente **o resguardo acreditativo da garantía definitiva validamente asinada. (documento individual emitido polo avalista).**

**8. Póliza de seguro todo risco construción.**

En relación coa deficiencia detectada, "coa póliza de seguro todo risco construción soamente achega o compromiso de contratar e pagar, se ben non achega o borrador da póliza, de acordo co establecido no apartado 8 da cláusula 17 do PCAP", de acordo co apartado 8 da cláusula 17 do PCAP "Acreditación con borrador e compromiso (de constituír e pagar) da póliza de seguro "todo risco construción", que cubra os 12 meses posteriores ao período de garantía por importe do prezo de adjudicación, sen IVE, incluído calquera modificación que se poida ter producido ao longo do contrato", e tendo en conta a deficiencia indicada, deberá acreditar co **borrador da póliza de seguro todo risco construción.**

E non habendo máis asuntos que tratar, O Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu o Secretario da mesa, Certifico, asinándose dixitalmente a presente acta a efectos de deixar constancia do acontecido na sesión da Mesa de Contratación telemática referida no encabezado.

O PRESIDENTE DA MESA, José Domingo Rodríguez Ferreira

O SECRETARIO DA MESA, Manuel A. Trabado Trabado

VOGAIS:

Pablo Seoane Cancelo

Manuel Roel Hernández-Serrano

Margarita Tarrío Álvarez

	IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY	<b>Fecha y Hora</b>	10/01/2023 09:02:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ		
<b>Firmado por</b>	MANUEL ROEL HERNÁNDEZ SERRANO (Interventor Adxunto)		
<b>Firmado por</b>	PABLO SEOANE CANCELO		
<b>Firmado por</b>	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
<b>Firmado por</b>	MANUEL TRABADO TRABADO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BS33Y3A6MZJH7DXQB437THY</a>	<b>Página</b>	2/2

